Ría Baixa

memoria exercicio 2008

Estimados/as Adegueiros/as:

O 2008 non foi un ano fácil para a D.O. Rías Baixas, tanto a nivel de produción como de ventas. Sen embargo soubemos solventalo con cohesión, traballo duro e profesionalidade, as nosas mellores armas.

No referente a viticultura, o 2008 foi un ano complicado climatoloxicamente. Finalmente puidemos salvar a colleita grazas a un bo setembro, que nos permitiu acadar os niveis esixibles, cos rasgos varietais e aromas que caracterizan aos viños desta Denominación de Orixe. A profesionalidade e experiencia dos nosos viticultores permitiu que a entrada da uva nas adegas se realizase en perfectas condicións.

A pesar de contar cun gran activo, as nosas variedades autóctonas, esta Denominación de Orixe tivo que enfrontarse a unha reducida colleita no 2007, e tamén a unha crise económica mundial. Aínda así, a boa disposición dos Rías Baixas nos mercados nacionais e internacionais permitiunos manter o noso posicionamento como viños brancos de calidade. Situación que non é froito da casualidade, senón do traballo continuado e profesional das adegas que integran este Consello Regulador, que con moito esforzo e acerto nas súas políticas de mercado conseguiron uns niveis de ventas satisfactorios e teñen por diante un futuro prometedor.

A cara da moeda represéntaa a elaboración duns viños cunha tipicidade diferenciada que confiren aos Rías Baixas un valor engadido como marca; mentres que a cruz son as consecuencias que a OCM do viño terá para un sector como o de Rías Baixas, que novamente necesitará de moita imaxinación para afrontar ao fin das axudas á promoción intracomunitaria, á normativa do etiquetado, así como á futura liberalización de plantacións. Son consciente das dificultades que se nos aveciñan, pero confío en que este sector saberá transformalas en oportunidades, para seguir desenvolvéndose.
Gustaríame destacar a actividade do Pleno do Consello Regulador, especialmente intensa este ano pois, ademais de atender as cuestións propias de cada exercicio, elaborou, coa axuda de estudos técnicos e das comisións, un novo Regulamento que incorpora as melloras obrigadas pola actual normativa e outras acordadas polo propio Pleno.

Canto ao importante capítulo dos orzamentos, en 2008 pódense cualificar de positivos xa que a maior parte destes cartos proveñen dos socios, o que amosa a súa solvencia. Só o 18% dos ingresos se acadaron a través de subvencións. O gasto de 2.000.000 de euros investiuse nun 55% en promoción, nun 29% en control de calidade e nun 16% en gastos correntes de funcionamento.

Seguindo coas nosas liñas de comunicación, iniciamos no 2008 unha campaña de publicidade co obxectivo de que o consumidor identifique o albariño con Rías Baixas, e ao revés. Esta aposta pola identidade, co lema: "Pídeo polo seu nome", chega nun momento no que o sector é consciente da necesidade de identificar a orixe do noso produto ante os oportunistas. Por iso prediquemos co exemplo de maneira que, cada vez que consumamos un Albariño-Rías Baixas, o pidamos polo seu nome.

José Ramón Meiriño González
Presidente Consello Regulador D.O. Rías Baixas

PRESIDENTE

D. José Ramón Meiriño González

VICEPRESIDENTE

D. Gerardo Méndez Lázaro

VOGAIS SECTOR PRODUTOR

D. Ramiro Baulo Rey
Agromiño S.L. (D. Antonio Álvarez Suárez)
Limeres Rodríguez S.A. (D. Fernando Bandeira García)
D. David J. Castro Mougán
Álvarez Viéitez S.L. (Dna. María Teresa Estévez Rodríguez)
D. Luciano Fernández Besada
D. Daniel Meaño Alba
Xesvitgal S.L. (D. Jesús Paz Parracho)
D. Roberto Rivas Reboredo

VOGAIS SECTOR ELABORADOR

Adegas Tollodouro S.A. (D. José María Campos Pérez)
Bodegas Terras Gauda S.A. (D. Enrique Costas Rodríguez)
Cabaleiro do Val S.L. (D. Francisco Dovalo López)
Bodegas del Palacio de Fefiñanes S.L. (D. Juan Gil González de Careaga)
Adegas Arousa de Bebidas S.L. (D. Germán Martínez Novo)
Bodegas Gerardo Méndez S.L. (D. Gerardo Méndez Lázaro)
Eulogio Pomares Zárate e Hijos S.L. (D. Eulogio Pomares Botana)
Adegas Galegas S.L. (D. Xosé Rodríguez Fernández)
Bodegas As Laxas S.A. (D. José Simón Ferro)

VOGAIS DE ADEGAS DE BASE COOPERATIVA

D. Carlos Carrión Álvarez
Viña Almirante S.C.G. (D. José Estévez Pomar)
Bodegas Martín Códax S.A.U. (D. Juan Vázquez Gancedo)
Adegas Condes de Albarei S.A.U. (D. Xavier Zas García)

VOGAIS DELEGADOS

D. Gonzalo Constenla Bergueiro
D. Antón Vázquez Caamaño


CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
PRESIDENTE DO CONSELLO REGULADOR
D. José Ramón Meiriño González
VICEPRESIDENTE
D. Gerardo Méndez Lázaro
PLENO
9 Vogais sector viticultor
9 Vogais suplentes
9 Vogais sector vinícola
9 Vogais suplentes
2 Vogais delegados
4 Vogais Adegas de Base Cooperativa
COMISIÓN DE VITICULTURA
COMISIÓN DE PROMOCIÓN
COMISIÓN PERMANENTE
COMISIÓN DE LEXISLACIÓN
COMISIÓN DE DISCIPLINA
SECRETARIO XERENTE
D. Ramón Huidobro Vega
ASESORÍA XURÍDICA
D. Enrique Pantín
COMUNICACIÓN
Dna. Loreto Vázquez
D. Carlos Suárez
SERVIZOS TÉCNICOS
ADMINISTRACIÓN
PROMOCIÓN
D. Agustín Lago
(Director Técnico)
D. Fernando Vilariño
D. J. Luis Martínez
D. Rubén Baz
D. Javier Ignacio
Dna. Mª Carmen Moares
Dna. Eva Mínguez
Dna. Rosa Martínez

Estratexias para un mercado global

Nos tempos de crise para todo o sector, o reto dos Rías Baixas é aproveitar ao máximo as ocasións estratéxicas

Entre agosto e setembro de 2007, mentres os viticultores da nosa Denominación afrontaban a recta final antes de encarar unha nova vendima, apareceron en escena as hipotecas "subprime", denominación non menos específica dun área xeográfica (os Estados Unidos) pero que ascendeu rapidamente ao estrelato mediático mundial. A crise das crises, o auténtico terremoto, o "Big One" económico que agora padecemos de cheo. Nin os máis experimentados viticultores podían ler daquela os signos da tormenta que ameazaba o seu modo de vida (o de todos)... como tampouco o fixeron os analistas económico-financieiros.

Primeira conclusión: a viticultura non é unha ciencia exacta. A economía tampouco.

Nunha situación de crise como a que vivimos faise necesario tomar decisións meditadas e as marxes son cada vez máis estreitas. A escaseza de recursos financeiros e a dificultade de acceso ao crédito obrigará a unha clarificación estrita das contas das empresas: gastos, escandallos, inversións previstas, deben ser obxecto de plans minuciosos. Todo un reto para a cultura "administrativa" das empresas.

Pero hai algunhas liñas estratéxicas que compre ter en

PRODUCIÓN E CONSUMO INTERNO





Consumo en Restauración. Ano 2008
- 10 % en Volume - 6,1% en Valor

Consumo en Alimentación. Ano 2008
+ 2,4% en Volume + 0,7% en Valor

Viños D.O.	-0,6% en Volume	-2,9% en Valor
Viños de Mesa	-4,8%	1,8%
Espumosos-Cavas	-2,9%	-7,0%

"Rías Baixas" no Mercado madrileño. Ano 2008
+ 21,6 da cota de mercado total (un 12,2% en Valor)

Incremento en Gran Distribución:
+ 21,6% en Volume (+11,1% de cota de mercado)
+ 21,3% en Valor

Presenza en puntos de venda: 86%

conta se queremos tirar partido desta situación mundial de depresión. Ao cabo, non debemos esquecelo, o viño é un sector cada vez máis globalizado: ningún país, ningún mercado, queda fóra da crise.

Para todas as empresas, grandes e pequenas (a facturación media do sector segundo o INE ven sendo de 1 millóns de euros), un reto importante é a Diversificación, peza clave no esquema comercial tanto polo que respecta aos mercados como para os produtos.

DIVERSIFICACIÓN NOS MERCADOS

Segundo datos do OEMV (Observatorio Nacional del Mercado del Vino), o mercado da Restauración diminuíu en 2008, pero mantense cunha lixeira subida o consumo de viño no fogar, o que implica unha mellor perspectiva no mercado nacional da Alimentación.

Con respecto á Restauración, convén recordar que segundo o informe realizado en 2008 pola consultora Nielsen para este Consello Regulador (ver sección "Novas" desta Memoria) os "Rías Baixas" teñen aínda un bo marxe de crecemento no mercado madrileño, que é o principal destino interior dos nosos viños.

É importante destacar así mesmo que entre as estratexias no sector da Alimentación destaca a sinatura no 2008 do acordo coa gran empresa de distribución Vegalsa (ver sección "Actividades"-Promoción), que pretende asegurar a presenza destacada dos "Rías Baixas" nesta importante canle de vendas.

Son dous movementos estratéxicos que na conxuntura actual serven de marco para que as empresas poidan aproveitar as oportunidades que ofrece o mercado nacional.

Obviamente, o mercado internacional (por amplitude, por valor) debe seguir sendo a principal aspiración do sector.

A este respecto como diciamos, a tendencia é a baixa, pero un pouco mellor en cifras ca o mercado nacional. Moitos dos esforzos inversores tanto a nivel institucional (Consello Regulador, Consellería, ICEX, etc.) como de empresas, deben orientarse no sentido do

EVOLUCIÓN NOS MERCADOS EXTERIORES





EXPORTACIÓNS NACIONAIS

2007	2008	VARIACIÓN
1.558	1.690	+8,47 %
1.847	1.994	+7,96 %

VIÑOS DE **D.O** EXPORTACIÓNS NACIONAIS (ENVASADO)

2007	2008	VARIACIÓN
287,3	285.3	-0,7%
868,5	869,9	+0,2%

aproveitamento dos recursos dispoñibles.
Con respecto aos recursos, a nova OCM do viño pon punto final as axudas para Promoción, salvo para "terceiros países" (é dicir, todo o que queda fora da UE). A OCM (en liña coa PAC e coa filosofía predominante na UE) penaliza ás zonas máis dependentes das axudas e tamén ás que dependen moito de restricións legais.
Aínda que Galicia –por volume de produción- nunca foi gran perceptora de axudas, a D.O. "Rías Baixas" si é un exemplo típico dun ámbito moi regulamentado.
En resume, na situación actual contaremos con menos diñeiro para afrontar unha situación lexislativa máis liberal. Todo se ha decidir pois no mercado.

DIVERSIFICACIÓN DE PRODUTOS

Un mercado, por certo, onde as nosas empresas compiten desde hai ben tempo con produtos cada vez máis diferenciados. Como resaltan algúns empresarios, este é o momento da verdade para as "marcas", que deben facer valer o seu peso específico, a confianza dos consumidores gañada paso a paso con políticas de calidade. Pero é tamén o momento de comprobar a eficacia da diversificación dos produtos: desde as "vendimas seleccionadas" ata as "colleitas", segundas marcas e licores.
Reforzar a diversificación significa contar tamén con estratexias diferenciadas para cada sector de vendas, porque cada sector ten un perfil propio... e ameazas propias, como por exemplo a forte entrada de novos produtos como "sangrías" ou "calimochos" no mercado nacional dos "viños tintos", un dato destacado pola OEMV en 2008.

DESCENSO DOS COMPETIDORES

Con respecto ao carácter global da actual crise, hai que lembrar que grandes competidores dos viños españois (e galegos) no mercado americano (como son os viños australianos) rexistraron caídas nas súas exportacións.
Os "Rías Baixas" baixaron

nos mercados de EE.UU. e Inglaterra, pero subiron noutros países como Holanda, e sobre todo Asia.
Resumindo: podemos explotar as oportunidades de posicionamento internacional que ofrece un produto extraordinario e cada vez máis diversificado, aproveitando boas estratexias de promoción tanto nos mercados internos como no marco internacional.

Tirar o máximo proveito das axudas dispoñibles para os terceiros países é unha estratexia colectiva, que hai que complementar con actuacións particulares, porque en definitiva, o consumidor vai ter que elixir unha marca.
As accións particulares poden verse favorecidas pola intensificación da campaña de promoción que o CRDO Rías Baixas desenvolve desde hai anos xunto ao ICEX e o IGAPEen EE.UU. O programa "Educadores do Viño" iniciado en 2007 ofrece un marco axeitado para as accións particulares dentro da estratexia colectiva oficial (ver "Actividades" – Promoción, nesta Memoria).
En definitiva, diminuír riscos, aproveitar oportunidades planificando as estratexias con estrita visión de mercado.

A vendima

A boa climatoloxía de setembro salva un ano complicado

O ciclo da colleita 2008 ten sido moi complicado de abordar, pois dun outono e inverno tépedos e secos, pasamos a unha primavera complicada, fría e chuviosa e un verán con temperaturas medias máis baixas do normal e chuvias abondosas. Felizmente, a boa climatoloxía do mes de setembro permitiu salvar o ano.

A produción viña moi condicionada por un menor nacemento de acios e o corremento provocado pola primavera, que concluíu nunha perda de volume de colleita e unha alta variabilidade nos viñedos das mesmas subzonas.

O periodo de vendima foi decididamente o momento onde se obtiveron finalmente uns valores satisfactorios, cunha madurez óptima e un estado hixiénico das uvas aceptable, se se ten en conta que algúns dos viñedos estaban empezando a sofrir ataques de botrite.

A produción final foi un 6% superior ao ano pasado e os valores de acidez e grao foron respectivamente un pouco máis altos e máis baixos ca en 2007, o que obrigará seguramente a levar a cabo algunhas prácticas enolóxicas comúns na nosa área, como é o caso das fermentacións malolácticas.

Resumindo, unha colleita acorde cos niveis de calidade esixibles, con fermentacións desenvoltas sen maiores problemas e mostos cos rasgos varietais e aromas que nos caracterizan.

SUPERFICIE

DATOS DOS ÚLTIMOS 10 ANOS

Viticultores



Adegas



Superficie (Ha.)



Viño elaborado (Hl.)



Viño exportado (Hl.)



DENOMINACIÓN RIAS BAIXAS
Concellos, Viños e Castes

Rías Baixas

DISTRIBUCIÓN POR SUBZONAS (2008)

Viticultores



- Condado do Tea
- O Rosal
- Ribeira do Ulla
- Soutomaior
- Val do Salnes

TOTAL: 6.576

Superficie (Ha.)



- Condado do Tea
- O Rosal
- Ribeira do Ulla
- Soutomaior
- Val do Salnes

TOTAL: 3.646 Ha.

Superficie-viticultor



- Condado do Tea
- O Rosal
- Ribeira do Ulla
- Soutomaior
- Val do Salnes

MEDIA: 0,55 Ha.

Parcelas



- Condado do Tea
- O Rosal
- Ribeira do Ulla
- Soutomaior
- Val do Salnes

TOTAL: 20.782

Parcelas-viticultor



- Condado do Tea
- O Rosal
- Ribeira do Ulla
- Soutomaior
- Val do Salnes

MEDIA: 3,16

VENDIMA

RENDEMENTOS. Anos 2002-2008

Superficie (Has.)



Vendima (Kg.)



Rendemento (Kg./Has.)



RENDEMENTO TRANSFORMACIÓN UVA/MOSTO (Kg./L.)



PRODUCIÓN POR CASTES/SUBZONAS. Colleita 2008

ALBARIÑO



Porcentaxe do total: 95,42%

TREIXADURA



Porcentaxe do total: 1,46%

LOUREIRA



Porcentaxe do total: 1,42%

MOVEMENTO DE UVA ENTRE SUBZONAS (Kg.)

	Uva Importada	Uva Exportada
Condado do Tea	553.659	308.578
O Rosal	432.226	324.622
Ribeira do Ulla	12.339	238.544
Soutomaior	32.203	11.835
Val do Salnés	378.893	525.741

Rías Baixas

OUTRAS BRANCAS



Porcentaxe do total: 0,95%

TINTAS



Porcentaxe do total: 0,75%

TOTAL PRODUCIÓN POR CASTES/SUBZONAS
Colleita 2008



Uva Vinificada	Uva Vendimada
4.561.351	4.316.270
2.552.395	2.444.791
356.792	582.997
55.631	35.263
12.371.208	12.518.056

PRODUCIÓN POR CASTES. Anos 2002-2008 En kilos

Albariño



Treixadura



Loureira



Outras brancas



Tintas



PRODUCIÓN

UVA EXPORTADA A OUTRAS SUBZONAS DA D.O.

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
CONDADO DO TEA	688.781	596.474	491.689	433.796	335.610	366.570	308.578
O ROSAL	117.387	156.522	250.407	266.046	735.589	512.251	324.622
RIBEIRA DO ULLA	22.777	23.425	29.521	68.756	150.900	166.670	238.544
SOUTOMAIOR	3.004	7.765	10.953	18.038	23.638	6.736	11.835
VAL DO SALNÉS	650.550	988.958	1.316.537	1.055.455	1.023.704	504.155	525.741

UVA IMPORTADA DOUTRAS SUBZONAS DA D.O.

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
CONDADO DO TEA	364.025	662.455	856.318	932.444	1.309.558	571.731	553.659
O ROSAL	1.030.704	1.013.692	983.987	687.136	649.847	560.758	432.226
RIBEIRA DO ULLA	33.964	36.329	54.823	46.370	42.602	27.120	12.339
SOUTOMAIOR	17.143	24.509	9.311	8.245	0	0	32.203
VAL DO SALNÉS	36.663	36.159	194.668	167.896	267.434	396.773	378.893

COMPARATIVA ADEGAS CON VINIFICACIÓN (2003-2008)



PROPORCIÓN DE ADEGAS CON VINIFICACIÓN EN 2008



EVOLUCIÓN NUMERO DE ADEGAS EN 2008



Rías Baixas

UVA VINIFICADA POR SUBZONAS 2002-2008 (datos en Kg.)

	Condado do Tea	O Rosal	Ribeira do Ulla	Soutomaior	Val do Salnés
2002	2.661.100	2.523.771	197.692	39.911	7.830.766
2003	3.545.707	2.904.056	244.834	50.606	9.717.591
2004	4.634.944	3.335.941	382.132	54.319	14.361.329
2005	5.189.950	3.120.300	372.052	37.777	13.182.961
2006	6.573.516	3.987.553	434.289	30.832	19.583.910
2007	4.218.044	2.609.950	315.507	20.191	11.573.203
2008	4.561.351	2.552.395	356.792	55.631	12.371.208



UVA VENDIMADA POR CASTES-SUBZONAS 2008 (datos en Kg.)

- Condado do Tea
- O Rosal
- Ribeira do Ulla
- Soutomaior
- Val do Salnes

	Condado do Tea	O Rosal	Ribeira do Ulla	Soutomaior	Val do Salnés
Albariño	3.990.626	1.908.149	553.587	34.154	12.499.316
Loureira	28.878	251.494	0	87	2.344
Treixadura	213.069	68.504	8.279	43	215
Caiño Blanco	900	152.630	0	0	0
Torrontes	8.565	1.073	3.182	203	0
Godello	1.432	18.952	1.297	776	0
Caiño Tinto	1.330	10.175	1.565	0	9.539
Espadeiro	5.085	0	0	0	688
Loureira Tinta.	0	0	0	0	894
Mencía	10.315	0	15.087	0	5.060
Brancellao	500	5.740	0	0	0
Sousón	55.600	28.074	0	0	0

MERCADO

EXPORTACIÓNS 2003-2008 (Volume en litros)



EVOLUCIÓN DO TOTAL DAS EXPORTACIÓNS 1999-2008 (Volume en litros)



Exportacións por países - Ano 2008 (litros)

Alemaña	135.878,87
Austria	3.036,50
Bélxica	50.071,83
Dinamarca	13.692,00
Finlandia	11.502,50
Francia	13.626,00
Grecia	153,00
Holanda	69.586,33
Irlanda	49.659,33
Italia	3.456,00
Luxemburgo	549,00
Portugal	4.851,00
Reino Unido	364.820,58
Hungría	135,00
Poloña	8.830,33
Rep. Checa	1.589,00
Letonia	324,00
Chipre	324,00
Lituania	747,00
Estonia	1.374,00
Eslovaquia	581,00
Malta	274,00
Eslovenia	0,00
Suecia	65.779,00
Rumanía	900.00
TOTAL UE	**801.740,27**

Andorra	30.177,00
Islandia	90,00
Liechtenstein	0,00
Noruega	73.846,16
Suiza	97.483,33
TOTAL EEE	**201.596,49**
Rusia	8.358,00
Outros	2.119,50
RESTO EUROPA	**10.477,50**
China	4.802,66
Xapón	35.463,75
Filipinas	735,50
Singapur	559,50
Taiwan	0,00
Outros	4.497,00
TOTAL ASIA	**46.058,41**
Emiratos Arabes	2.070,00
Outros	2.754,00
TOTAL AFRICA	**4.824,00**

Arxentina	1.188,00
Brasil	8.052,50
Canadá	35.084,41
Colombia	1.512,00
Cuba	4.149,00
O Salvador	450,00
Guatemala	567,00
E.E.U.U.	1.580.470,08
México	83.442,25
Nicaragua	0,00
Porto Rico	149.976,50
Costa Rica	1.638,00
Rep. Dominicana	21.192,00
Venezuela	22.968,00
Perú	909,00
Panamá	13.950,00
Uruguai	0,00
Outros	7.418,00
TOTAL AMERICA	**1.932.966,74**
Australia	31.584,50
Nova Zelanda	2.187,00
TOTAL OCEANIA	**33.771,50**

INGRESOS ORDINARIOS

CAPÍTULO 3 - TAXAS, PREZOS PÚBLICOS, OUTROS INGRESOS	**1.708.470.00**
ARTIGO 33 - TAXAS PARAFISCAIS	1.498.220,00
01 - EXACCIÓN S/PLANTACIÓNS INSCRITAS (CANON VIÑEDO)	175.000,00
02 - EXACCIÓN S/PRODUTOS AMPARADOS (CANON VIÑO)	1.066.720,00
04 - EXACCIÓN POR VENTA DE CONTRAETIQUETAS	256.500,00
ARTIGO 39 - OUTROS INGRESOS	210.250,00
CAPÍTULO 4 - TRANSFERENCIAS CORRENTES	**42.000,00**
ARTIGO 45 - DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS	42.000,00
CAPÍTULO 5 - INGRESOS PATRIMONIAIS	**10.000,00**
CAPÍTULO 7 - TRANSFERENCIAS CAPITAL	**341.000,00**
CAPÍTULO 8 - ACTIVOS FINANCIEIROS	**500.000,00**
ARTIGO 87 - REMANENTE DE TESOURERÍA	500.000,00
TOTAL INGRESOS	**2.601.470,00**

GASTOS ORDINARIOS

GASTOS DE FUNCIONAMENTO

CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**146.250,00**
ARTIGO 13 - LABORAIS	117.500,00
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	28.750,00
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVIZOS	**169.260,00**
ARTIGO 21 - REPARACIÓNS, MANTENEMENTO E CONSERVACIÓN	12.300,00
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	103.760,00
ARTIGO 23 - INDEMNIZACIÓNS RAZÓNS SERVICIO	53.200,00
CAPÍTULO 3 - GASTOS FINANCIEIROS	**2.000,00**
ARTIGO 34 - DEPÓSITOS, FIANZAS E OUTROS	2.000,00
CAPÍTULO 6 - INVERSIÓNS REAIS	**3.000,00**
ARTIGO 62 - PROXECTOS DE INVESTIMENTO NOVO	3.000,00
TOTAL GASTOS FUNCIONAMENTO	**320.510,00**

CONTROL DE CALIDADE

CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**244.700,00**
ARTIGO 13 - LABORAIS	109.500,00
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	34.500,00
ARTIGO 14 - OUTRO PERSOAL (VEEDORES)	100.700,00
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVIZOS	**337.200,00**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	337.200,00
CAPÍTULO 6 - INVERSIÓNS REAIS	**6.000,00**
ARTIGO 62 - PROXECTOS DE INVERSIÓN NOVA	6.000,00
TOTAL CONTROL CALIDADE	**587.900,00**

CAMPAÑA DE PUBLICIDADE

CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**67.100,00**
ARTIGO 13 - LABORAIS	51.000,00
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	16.100,00
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVIZOS	**1.040.560,00**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	1.040.560,00
TOTAL CAMPAÑA DE PUBLICIDADE	**1.107.660,00**

PROMOCIÓN

CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVIZOS	**585.400,00**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	585.400,00
TOTAL PROMOCIÓN	**585.400,00**
TOTAL GASTOS	**2.601.470,00**

RESUMO DE INGRESOS

CANON E CONTRAETIQUETAS	1.498.220,00
INGRESOS EXTRAORDINARIOS	220.250,00
TRANSFERENCIAS CORRENTES	383.000,00
REMANENTE ANOS ANTERIORES	500.000,00
TOTAL	**2.601.470,00**

RESUMO DE GASTOS

GASTOS DE FUNCIONAMENTO	320.510,00
CONTROL DE CALIDADE	587.900,00
PUBLICIDADE E PROMOCIÓN	1.693.060,00
TOTAL	**2.601.470,00**
INGRESOS - GASTOS	**0,00**

LIQUIDACIÓN ORZAMENTOS

INGRESOS ORDINARIOS

CAPÍTULO 3 - TAXAS, PREZOS PÚBLICOS, OUTROS INGRESOS	**1.658.164,34**
ARTIGO 33 - TAXAS PARAFISCAIS	1.469.126,71
01 - EXACCIÓN S/PLANTACIÓNS INSCRITAS (CANON VIÑEDO)	181.459,73
02 - EXACCIÓN S/PRODUTOS AMPARADOS (CANON VIÑO)	1.038.965,96
04 - EXACCIÓN POR VENTA DE CONTRAETIQUETAS	248.701,02
ARTIGO 39 - OUTROS INGRESOS	189.037,63
CAPÍTULO 4 - TRANSFERENCIAS CORRENTES	**78.873,00**
ARTIGO 45 - DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS	78.873,00
CAPÍTULO 5 - INGRESOS PATRIMONIAIS	**33.866,34**
CAPÍTULO 7 - TRANSFERENCIAS CAPITAL	**401.780,22**
ARTIGO 75 - DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS	401.780,22
CAPÍTULO 8 - ACTIVOS FINANCIEIROS	**500.000,00**
ARTIGO 87 - REMANENTE DE TESOURERÍA	500.000,00
TOTAL INGRESOS	**2.672.683,90**

GASTOS ORDINARIOS

GASTOS DE FUNCIONAMENTO

CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**148.964,71**
ARTIGO 13 - LABORAIS	119.884,02
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	29.080,69
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVIZOS	**150.263,74**
ARTIGO 21 - REPARACIÓNS, MANTENEMENTO E CONSERVACIÓN	10.800,00
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	94.172,88
ARTIGO 23 - INDEMNIZACIÓNS RAZÓNS SERVICIO	51.290,86
CAPÍTULO 3 - GASTOS FINANCIEIROS	**6.437,77**
ARTIGO 34 - DEPÓSITOS, FIANZAS E OUTROS	6.437,77
CAPÍTULO 6 - INVERSIÓNS REAIS	**1.499,00**
ARTIGO 62 - PROXECTOS DE INVESTIMENTO NOVO	1-499,00
TOTAL GASTOS FUNCIONAMENTO	**313.165,22**

CONTROL DE CALIDADE

CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**240.103,76**
ARTIGO 13 - LABORAIS	112.480,63
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	35.160,36
ARTIGO 14 - OUTRO PERSOAL (VEEDORES)	92.462,77
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVIZOS	**325.746,49**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	325.746,49
CAPÍTULO 6 - INVERSIÓNS REAIS	**3.493,92**
ARTIGO 62 - PROXECTOS DE INVERSIÓN NOVA	3.493,92
TOTAL CONTROL CALIDADE	**569.344,17**

CAMPAÑA DE PUBLICIDADE

CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**51.098,46**
ARTIGO 13 - LABORAIS	36.538,62
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	14.559,84
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVIZOS	**536.674,59**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	536.674,59
TOTAL CAMPAÑA DE PUBLICIDADE	**587.773,05**

PROMOCIÓN

CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVIZOS	**483.883,28**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	483.883,28
TOTAL PROMOCIÓN	**483.883,28**
TOTAL GASTOS	**1.954.165,72**

RESUMO DE INGRESOS

CANON E CONTRAETIQUETAS	1.469.126,71
INGRESOS EXTRAORDINARIOS	222.903,97
TRANSFERENCIAS CORRENTES	480.653,22
REMANENTE ANOS ANTERIORES	500.000,00
TOTAL	**2.672.683,90**

RESUMO DE GASTOS

GASTOS DE FUNCIONAMENTO	313.165,22
CONTROL DE CALIDADE	569.344,17
PUBLICIDADE E PROMOCIÓN	1.071.656,33
TOTAL	**1.954.165,72**

INFORME DE AUDITORIA DE ESTADOS FINANCIEROS

Al Pleno del Consello Regulador da
Denominación de Orixe "Rías Baixas"

1.- He auditado los estados financieros del Consello Regulador da Denominación de Orixe "Rías Baixas" (el Consello), (en adelante la Sociedad) que comprenden el balance de situación al 31 de diciembre de 2.008, la cuenta de pérdidas y ganancias, el estado de cambios en el patrimonio neto, y la memoria correspondientes al ejercicio anual terminado en dicha fecha, cuya formulación es responsabilidad de la Dirección del Consello. Mi responsabilidad es expresar una opinión sobre las citadas cuentas anuales en su conjunto, basada en el trabajo realizado de acuerdo con las normas de auditoría generalmente aceptadas, que requieren el examen, mediante la realización de pruebas selectivas, de la evidencia justificativa de las cuentas anuales y la evaluación de su presentación, de los principios contables aplicados y de las estimaciones realizadas.

2.- Los Administradores presentan los estados financieros de acuerdo con lo previsto en la legislación mercantil, no incluyendo en este ejercicio las cifras comparativas correspondientes al ejercicio anterior al no ser exigido por la citada legislación. Con fecha 12 de mayo de 2.008 emití mi Informe de Auditoría acerca de los estados financieros del ejercicio de 2.007, formulados de conformidad con los principios y normas contables generalmente aceptadas en la normativa española vigentes en dicho ejercicio, en la que expresé una opinión favorable.

3.- Los Estados Financieros del ejercicio de 2.008 adjuntos son los primeros que la Sociedad prepara aplicando el Plan General de Contabilidad aprobado por Real Decreto 1.515/2.007. En este sentido, de acuerdo con lo establecido en el apartado 1 de la Disposición Transitoria Cuarta del citado RD, se han considerado dichas cuentas como cuentas anuales iniciales, por lo que no se incluyen cifras comparativas del ejercicio anterior. En la Nota 16 de la memoria adjunta, "Aspectos derivados de la transición a las nuevas normas contables", se incorporan el balance y la cuenta de pérdidas y ganancias incluidos en los estados financieros aprobados del ejercicio 2.007, que fueron formulados aplicando el Plan General de Contabilidad vigente en dicho ejercicio, junto con una explicación de las principales diferencias entre los criterios contables y los actuales, así como la cuantificación del impacto que produce esta variación de criterios contables en el patrimonio neto a 1 de enero de 2.008, fecha de transición.

4.- En mi opinión, los estados financieros del ejercicio 2.008 adjuntos expresan, en todos los aspectos significativos, la imagen fiel del patrimonio y de la situación financiera del Consello Regulador da Denominación de Orixe "Rías Baixas" al 31 de diciembre de 2.008 y de los resultados de sus operaciones y de los cambios en el patrimonio neto correspondientes al ejercicio anual terminado en dicha fecha y contienen la información necesaria y suficiente para su interpretación y comprensión adecuada, de conformidad con los principios y normas contables generalmente aceptados en la normativa española que resultan de aplicación.

Vigo, 4 de junio de 2.009

Fdo. Pablo González Tenorio
Auditor Independiente
Registro del R.O.A.C. nº 10.548

Labores dos Servizos Técnicos

RECOLLIDA E CUALIFICACION DE MOSTRAS

Recollida de mostras: 1.283
95 sesións de cata
10 sesións extraordinarias de apelación
47 catadores para catas ordinarias
10 catadores de apelación
15.644.310 litros de viño cualificado

INSPECCIÓN SOBRE ADEGAS

Inspección sobre adegas: 451
Id. adegas nova inscrición: 9
Supervisión de transportes: 370
Realización de aforos: 402
Marcado de depósitos: 30 (adegas)
Descorchados, retirada de etiquetas, etc: 40
Marcas autorizadas: 103
Baixas: 5

1. VIÑEDOS

INSPECCIÓN SOBRE VIÑEDOS:
1.093 resolucións de expedientes de viticultores

2. XESTIÓN DOCUMENTAL

ATENCIÓN DIRECTA:
Desprazamentos: 28
Cambios de titularidade: 135
Baixas de viticultores: 81
Inscrición novos viñedos: 480

CONTROL DE MERCADO

875 mostras
56 establecementos da xeografía galega

CONTROL DE VENDIMA

69 veedores
14.285 partidas de uva

CATAS

Desenvolvemento, preparación, colaboración e loxística en diferentes catas, (Cata de Cambados, Segunda Cata de Colleitas Rías Baixas, Catas verticais en Minifeiras, etc.)

FORMACIÓN E PROMOCIÓN

Como tódolos anos desenvolvéronse cursos e charlas de formación para profesionais como grupos de sumilleres ou estudiantes de hostalería e tamén actividades de formación e reciclaxe do noso Panel de Cata e doutros departamentos das empresas.
Algunhas destas actividades desenvolvéronse en ámbitos como feiras nacionais ou Institutos de empresa.
Un aspecto importante neste ano foi a colaboración coa Universidade e o Feuga (Fundación Empresa Universidade de Galicia) en proxectos de innovación tecnolóxica e xornadas técnicas.

Este ano contamos cun curso para catadores sobre "Defectos sensoriais dos Viños" que foi impartido polo profesor Christophe Gerland.
Durante o curso catáronse unha serie de mostras para detectar ata 25 defectos que poden aparecer no viño.
A metodoloxía foi presentar primeiro os defectos, explicando logo a súa orixe, a causa da súa aparición, como prevelos e como eliminalos, se é posible.
FInalmente realizáronse exercicios para recoñecelos nos diferentes viños e/ou concentracións distintas das iniciais.

PROMOCIÓN

SEMIFINAL NARIZ DE OURO EN SEVILLA
5 Febreiro

O Consello Regulador patrocinou ao longo do ano o concurso nacional de sumilleres Nariz de Oro 2008. Durante o certame, os viños da D. O. Rías Baixas foron os protagonistas dunha das probas que se realizaron a uns 90 sumilleres de Andalucía. O gañador accedía directamente á final de Madrid, da que saiu o Nariz de Oro 2008.
Ademais o Consello Regulador participou como expositor na "Muestra de Gastronomía y Vinos", ofrecendo viño xenérico para degustación ás persoas invitadas e acreditadas (sumilleres, restauradores, tendas especializadas, afeccionados, medios de comunicación e suscriptores da revista "Vino y Gastronomía").

SINATURA DO CONVENIO VEGALSA
11 Febreiro

A empresa de distribución galega Vegalsa e o CRDO Rías Baixas asinaron un convenio de colaboración mutua para promocionar os viños Rías Baixas nos supermercados da empresa.
Vegalsa-Grupo Eroski, segundo operador nacional da distribución alimentaria en España, integra na súa rede hipermercados, supermercados e autoservizos baixo diferentes marcas (EroskiCentrer, Cash Record, EroskiCity, Familia) que en Galicia supoñen un total de 350 establecementos propios ou franquiciados.
O acordo permite a comercialización dos Rías Baixas como produto autóctono de calidade. O Consello Regulador prevía acadar así unhas vendas totais de 2,5 millóns de euros en 2008.
Incrementando a notoriedade dos viños Rías Baixas entre asociacións, institucións e consumidores en xeral, intensificábase a aposta pola diversificación das canles de distribución. Para o grupo Vegalsa-Eroski o acordo supuña unha aposta polos produtos galegos con indicativo de calidade.
A D.O. asumía o compromiso de participar nas accións de promoción dos viños Rías Baixas nos puntos de venda así como controlar o acordo cos produtores e comercializadores amparados pola Denominación de Orixe.
A compañia de distribución, pola súa banda, comprometíase a comercializar viño da D.O. na súa rede de establecimentos e diferencialos de maneira específica nos puntos de venda, identificándoos cos elementos de imaxe corporativa aportados polo Consello Regulador.
Grazas ao acordo poderanse realizar ademais actividades formativas conxuntas dirixidas a distintos colectivos, coa finalidade de mellorar o coñecemento e o consumo de viños Rías Baixas.

CONGRESO CAMBIO CLIMATICO
15-16 Febreiro

Durante a celebración do Congreso Internacional de Cambio Climático que tivo lugar na cidade de Barcelona, os viños Rías Baixas estiveron presentes nun acto de promoción onde se dispuxo unha mesa para degustar viño xenérico e obter información sobre a nosa D. O.

SEMIFINAL NARIZ DE OURO BARCELONA
26 Febreiro

O Consello Regulador, patrocinador do concurso nacional de sumilleres Nariz de Ouro en 2008, foi protagonista dunha das probas do certame celebrado en Barcelona. 90 sumilleres de Cataluña cataron viños "Rías Baixas" para acceder directamente á final de Madrid, de onde tiña que saír o gañador de Nariz de Ouro 2008.
O concurso incluíu, como é habitual, a mostra "Gastronomía e Viños", onde o Consello Regulador participou como expositor ofrecendo viño xenérico para degustación ás persoas invitadas e acreditadas.

CEA-MARIDAXE EN SINGAPUR
22 Abril

Con motivo da participación na Feira Food & Hotel Asia, o Consello Regulador organizou unha cea-maridaxe con comida típica de Singapur e cinco viños "Rías Baixas", en colaboración co ICEX e o IGAPE.
Un total de vinte e cinco persoas, entre prensa, someliers e demais prescritores, puideron degustar os nosos produtos. O resultado foi moi positivo e os viños foron louvados polos invitados.

SEMIFINAL NARIZ DE OURO BURGOS
12 Maio

Noventa sumilleres de Castela-León participaron nas probas deste certame patrocinado polo Consello Regulador, que daba acceso á final en Madrid.
A mostra "Gastronomía e Viños" serviu para ofrecer unha degustación ao persoal invitado e acreditado.

GRAND TASTING SAN FRANCISCO
15 Abril

Dentro das actividades de promoción en EE.UU. o broche de ouro foi a participación no "Great Tasting San Francisco", que permitiu introducir a campaña de promoción "Rías Baixas Exceptional with everything or nothing" entre o sector do público de 25-45 anos, urbano e semiurbano.
Os obxectivos da campaña eran incrementar o coñecemento dos viños Albariño, o seu perfecto maridaxe cunha ampla gama de xantares, desde os tradicionais pescados e mariscos ata as novas tendencias culinarias, pasando pola comida oriental da China ou India.
Leslie Sbroco, recoñecida crítica e xornalista de viños nos EE.UU., foi a moderadora e directora do acto. Ademais contouse coa presenza de Katrin Neapala e demais persoal da oficiña de Wines From Spain en San Francisco. Por parte do Consello Regulador asistiu Eva Mínguez, do departamento de Promoción.

ALMORZO COS PROFESIONAIS EN MEXICO
2 Xuño

En colaboración coa Oficina Comercial de México D.F. e o Igape, o Consello Regulador organizou durante a feira Alimentaria México 2008 un almorzo para 40 persoas, entre distribuidores, prensa especializada, sumilleres e representantes da Oficina Comercial e da embaixada de España.
O evento consistiu nunha maridaxe de comida mexicana con oito marcas diferentes de Rías Baixas, para difundir as calidades dos nosos viños e a súa compatibilidade coa comida do país.
Antes do almorzo, impartiuse unha pequena charla sobre a D.O. Rías Baixas. Deseñouse para a ocasión unha invitación especial na que figuraron como anfitrións "Viños de España", a Oficina Comercial e a D.O. Rías Baixas e cada invitado recibiu un CD con información sobre a Denominación.

CATA PEÑIN
5 Xuño

O equipo de José Peñín, autor da célebre Guía Peñín, deuse cita na sé do Consello Regulador para catar os viños da nosa Denominación correspondentes á colleita 2007, resultados que quedaron plasmados na guía Peñín 2008.

PRESENTACIÓN DA COLLEITA 2007 EN MADRID
18 Xuño

A colleita 2007 de "Rías Baixas", que recibiu a calificación de "Excelente", foi presentada nun acto destinado á prensa especializada e xeneralista de Madrid.
O acto consistiu nun almorzo no que o presidente e o xerente do Consello Regulador explicaron as motivacións polas cales o Pleno deste Consello Regulador decidiu outorgar a máxima cualificación, "Excelente", á colleita 2007.

FINAL NARIZ DE OURO. MADRID
21-22 Xuño

O Consello Regulador estivo presente na final deste importante certame. Durante a celebración do mesmo, houbo unha mostra de viños xenéricos e distribuíronse folletos promocionais da Denominación. Impartiuse ademais unha charla, seguida dunha cata aos 10 representantes dos países asiáticos invitados ao certame pola organización.

PRESENTACIÓN DA COLLEITA EN VALENCIA

Nunha rolda de prensa convocada ao efecto para os medios de comunicación foi presentada en Valencia a colleita 2007 de "Rías Baixas". Con posterioridade tivo lugar un almorzo con prensa e adegas e, pola tarde, invitouse ao sector profesional (hostalería, sumilleres, distribución) que puideron degustar os viños desta colleita 2007.

SEMIFINAL NARIZ DE OURO SAN SEBASTIAN
11 Novembro

O Consello Regulador patrocinou a primeira semifinal deste certame para o ano 2008, celebrada nun hotel da cidade de San Sebastián.

O "Rías Baixas" foi protagonista das probas realizadas por uns 90 sumilleres que disputaban o acceso á final de Madrid e tamén da "Muestra de Gastronomía y Vinos", na que participou o Consello Regulador ofrecendo viño xenérico para a súa degustación ás persoas invitadas e acreditadas.

O PRINCIPE CARLOS DE INGLATERRA BRINDA CON RÍAS BAIXAS
25 Novembro

O Consello Regulador patrocinou a cea de gala que tivo lugar en Londres con motivo da entrega dos Premios da Asociación da Prensa Estranxeira (Foreign Press Association) do Reino Unido.
O acto celebrouse nunha cea de gala, presidida por S.A.R. o Príncipe Carlos de Inglaterra, e contou cuns 200 invitados. O único viño branco servido no acto foi o albariño da D.O. "Rías Baixas".
Entre os invitados VIP estiveron a política colombiana Ingrid Betancourt (ex refén das FARC), ademais de Fátima Bhutto sobriña do presidente paquistaní Benazir Bhutto, asasinado en 2007.
Os Rías Baixas son moi valorados no Reino Unido, o segundo mercado internacional en importancia para os nosos viños.

SEGUNDA EDICIÓN DA CATA DAS COLLEITAS
11 Decembro

Os actos da segunda edición do certame Cata das Colleitas iniciáronse o día 10 de decembro cunha cea de benvida aos oito membros do panel de cata externo, todos eles profesionais de recoñecido prestixio no mundo do viño: Fernando Gurucharri, Cristino Álvarez, Bartolomé Sánchez, Juan Manuel Ibáñez , Juancho Asenjo, Raquel Castillo, Juan Fernández Cuesta e Jaime Bermúdez.
Ao día seguinte celebrouse o concurso na sé do Consello Regulador no Pazo de Mugartegui. Os actos remataron cun almorzo no castelo de Soutomaior, onde se entregaron os recoñecementos aos gañadores.
(+ info na sección "Novas").

O Príncipe Carlos de Inglaterra brindou co Rías Baixas

PROGRAMA EDUCADORES DO VIÑO

FEBREIRO: DALLAS 25-27, N. ORLEANS 28-29
MARZO: WASHINGTON 3-5, MIAMI 4-6, CHICAGO 25-27, BOSTON 28-30,
ABRIL: PHILADELPHIA 1-3,
OUTUBRO: NOVA YORK 21-23
NOVEMBRO: BELXICA 9-11, FINLANDIA 20-22

O programa denominado "Educadores do Viño" organizado pola Wine Academy en colaboración coa American Wine Society, empezou en febreiro a xira polos EE.UU. e outros países. O programa consistiu nun curso sobre viños españois, cunha parte teórica sobre as diferentes Denominacións de Orixe seguida dunha cata das distintas variedades. Os viños Rías Baixas protagonizaron unha das sesións do curso.
Cunha duración de dous días e un terceiro día de exame, os destinatarios e asistentes foron os profesionais do sector.
Os que pasaron con éxito o exame obtiveron o título que lles acreditaba como Embaixadores do Viño Español.

FEIRAS E MINIFEIRAS

ALIMENTARIA BARCELONA
10-14 Marzo

Os Rías Baixas estiveron presentes no importante certame ALIMENTARIA en Barcelona cun estand propio, no que participaron como coexpositores 10 adegas da Denominación. O Consello Regulador deu servizo atendendo ás consultas e requerimentos dos visitantes.
Como en anos anteriores participamos tamén no estand institucional da Xunta de Galicia.

RÍAS BAIXAS EN PROWEIN
16-18 Marzo

O Consello Regulador estivo presente na feira alemá Prowein, en Dusseldorf, cun estand de 16 m2, dentro do Pavillón Oficial do ICEX.
Ofreceuse a degustación dos viños das adegas exportadoras que enviaron mostras, e recolléronse ademais diferentes contactos, remitidos posteriormente ás adegas. Tamén houbo ocasión de realizar accións de comunicación para a promoción dos nosos viños.

FEIRA VINIS TERRAE - OURENSE
7-8 Abril

O Consello Regulador participou na primeira edición deste certame celebrado en Ourense e destinado aos viños e licores galegos de calidade das seis denominacións de orixe da nosa comunidade autónoma, baixo unha perspectiva claramente internacional.

FEIRA GOURMETS-MADRID
14-17 Abril

O Consello Regulador estivo presente na Feira Gourmets dentro do pavillón de Galicia. O certame estivo dirixido ao sector profesional da Comunidade de Madrid, unha cita xa tradicional nas actividades de promoción do Consello Regulador, pois Madrid é un dos principais mercados para o "Rías Baixas", que teñen por diante un longo percorrido nesa comunidade.

FOOD & HOTEL ASIA
22-25 Abril

O Consello Regulador asistiu por primeira vez a este certame celebrado na localidade chinesa de Singapur, e tradicionalmente considerado como a porta de entrada en Asia dos produtos de Occidente. Un mercado de rendas altas e grande capacidade adquisitiva no que os viños caros teñen saída. No pavillón español do ICEX, cun estand de 12 metros cadrados, presentáronse quince marcas de viños "Rías Baixas".

MINIFEIRA MALAGA
5 de Maio

A minifeira celebrada na localidade andaluza desenvolveuse en tres actos diferentes. En primeiro lugar, rolda de prensa e almorzo posterior, con asistencia de 12 medios de comunicación da provincia.
Seguidamente unha presentación e cata con

sumilleres, desenvolta nun hotel da cidade e consistente nunha xornada técnica con charla sobre a Denominación e cata posterior, na que participaron 25 sumilleres malagueños.
Por último, unha Cata e Degustación, acto central ofrecido polas adegas ao sector profesional convocado ao efecto e integrado por: tendas especializadas, vinotecas, restaurantes, hoteis, distribuidores, empresas de catering, así como sumilleres, representantes da Unión Española de Catadores, escolas de hostalería, asociacións de profesionais vinculadas ao sector e clubes de viño, ademais de prensa especializada e xeneralista.
Os invitados, en torno ás 450 persoas, degustaron viños "Rías Baixas" de distintas adegas e intercambiaron impresións cos adegueiros.

LONDON WINE FAIR
20-23 Maio

O Consello Regulador participou nesta cita ineludible, xa que o Reino Unido é o noso segundo mercado para exportación, cun estand de 16 metros cadrados dentro do pavillón español do ICEX. Estiveron representadas cerca de 50 marcas de Rías Baixas.

MINIFEIRA SAN SEBASTIAN
26 Maio

O certame empezou cunha sesión para Presentación e Cata con sumilleres, dirixida a 25 profesionais de San Sebastián. Un técnico do Consello Regulador impartiu unha pequena charla sobre a D.O. e os seus viños, á que seguiu unha cata de diferentes elaboracións de Rías Baixas.
Posteriormente, a Cata e Degustación reuniu no acto central do día ao sector profesional composto por tendas especializadas, vinotecas, restaurantes, hoteis, distribuidores, empresas de catering, así como sumilleres, representantes da Unión Española de Catadores, escolas de hostalería, asociacións de profesionais vinculadas ao sector e clubes de viño, ademais de prensa especializada e xeneralista.

ALIMENTARIA MEXICO
3-5 Xuño

O Consello Regulador participou na feira Alimentaria México 2008, cun estand de 14 metros cadrados dentro do pavillón oficial do ICEX. Para reforzar a imaxe dos nosos viños nese país, onde medraron considerablemente as exportacións de Rías Baixas, organizáronse actividades paralelas ao certame, o máis importante do sector de alimentación e bebidas no país.

MINIFEIRA NA CORUÑA
17 Xullo

O evento organizado nun hotel da cidade estivo dirixido, por primeira vez, ao consumidor final e consistiu nunha cata e degustación de viños ofrecidos polas adegas, que dispuxeron dun pequeno espazo propio cada unha para a presentación do seu produto.
Reuníronse no acto máis de 500 persoas entre profesionais e consumidores.

SALIMAT 2008 EN SILLEDA
19-23 Novembro

O Consello Regulador participou neste certame alimentario cun espazo onde estiveron presentes un total de 6 adegas da D.O. "Rías Baixas".

MINIFEIRA EN XIXÓN
20 Novembro

Esta nova minifeira destinada ao consumidor final, organizada en Xixón, incluíu unha rolda de prensa cos medios de comunicación da cidade e posterior almorzo coa prensa convocada.
As adegas participantes no certame dispuxeron dun espazo-mesa para a degustación e de todo o material de cata preciso. Participaron un total de 600 persoas entre profesionais e consumidores.

FOOD & HOTEL SHANGHAI
4-6 Decembro

O Consello Regulador participou por carta vez na feira Food & Wine de Shanghai, o certame alimentario máis importante de Asia, cun estand propio de 12 metros cadrados dentro do pavillón oficial do ICEX.
Trátase dunha cita ineludible para tódalas empresas españolas con interese en acceder a este mercado, visto o desenvolvemento enorme de China, que conta cunha taxa de crecemento moi elevada e un aumento notable do nivel de vida.
Paralelamente á feira, presentouse no pavillón español un espazo gastronómico con distintas actividades promocionais.
Entre elas destacaron o "Túnel del Vino" onde participamos co noso viño xenérico. Ademais, dentro das actividades organizadas neste espazo, tivo lugar un seminario-cata dunha hora de duración onde se presentou a nosa D. O. e se cataron tres dos nosos viños.
A presentación e promoción deste acto correu a cargo do Igape.

FORMACIÓN

SEMINARIO DE BARBARA INSEL
7 Febreiro

Dentro das actividades previstas para a Campaña USA 2008, celebrouse un seminario sobre comercialización do viño no mercado estadouniense para as adegas participantes nesta iniciativa.
Este seminario foi impartido por Barbara Insel, experta e recoñecida consultora chegada directamente de San Francisco.
O seminario desenvolveuse nunha sesión de mañá coa participación de tódalas adegas inscritas na campaña e serviu para reforzar os aspectos de promoción destinados ao principal mercado exportador para os Rías Baixas.

SEMINARIO ICEX
21 Febreiro

Nas instalacións do Consello Regulador tivo lugar o seminario "Pasaporte al Exterior" impartido por Isabel Fernández Vizoso, responsable do ICEX Galicia. Á xornada, que se prolongou durante catro horas, asistiron 30 representantes de adegas da Denominación.

SEMINARIO EN SUIZA
3 Novembro

Como parte do programa de actividades que se ven realizando en Suíza tivo lugar un Seminario sobre Rías Baixas nunha das máis prestixiosas Escolas de Alta Restauración, a Schweizerische Hotelfachschule Luzern, conducido por Christian Baur, profesor desta escola.

CURSO INGLES DO VIÑO
15-18 Decembro

Na sé do Consello Regulador celebrouse un Curso de Inglés do Viño, impartido por Andrew Black, ao longo de catro días e cunha duración de 20 horas.
Os principais contidos deste curso Nivel-3 de marqueting foron vocabulario avanzado, en relación coa viticultura, elaboración e marqueting do viño.
Os destinatarios, como noutras ocasións, foron membros dos departamentos comerciais de exportación ou técnicos cun nivel medio de inglés.

VISITAS

VISITA PRENSA EE.UU.
7-12 Xaneiro

Dous recoñecidos xornalistas estadounidenses visitaron a D.O. para pechar as actividades da campaña de promoción en EE.UU. en 2007 e achegarse á cultura e a gastronomía da nosa área xeográfica.
Trátase de Paul Luckacs e Marguerite Thomas. O primeiro é o editor de viño da revista "Saveur Magazine", e autor de "Great Wines of America" entre outras actividades.
Marguerite Thomas é editora de viaxes da revista "The Wine News" e autora dunha columna semanal en "The Intrepid Gastronome", para os "Angeles Times International Syndicate", así como de diferentes libros de cociña e viños na zona Este de América.

VISITA SUMILLERES BARCELONA
27-30 Xaneiro

Un grupo de oito recoñecidos sumilleres de Barcelona visitaron a nosa D.O. coa finalidade de achegarse aos nosos viños, viñedos e adegas e coñecer de cerca a cultura dos Rías Baixas.

VISITA AXENCIA DE NOVA YORK
6-8 Febreiro

A axencia que desenvolve a campaña nos EE.UU., na que participamos desde hai catro anos xunto ao ICEX e o IGAPE, visitou a Denominación de Orixe para coñecer as novas adegas que se sumaron á campaña e presentar as actividades do ano 2008.

VISITA DE IMPORTADORES XAPONESES
11 Abril

Oito importadores de viño xaponeses e dous xornalistas visitaron o Consello Regulador, por iniciativa da Cámara de Comercio de Ourense. Asistiron a unha charla sobre a Denominación e a unha mesa de traballo na que participaron 12 adegas da Denominación.

MISION INVERSA PRENSA PAISES BAIXOS
3 Xuño

Oito xornalistas de Holanda visitaron a D.O. Rías Baixas no marco dunha actividade organizada polo ICEX para dar a coñecer os viños galegos. Ao longo da xornada visitaron adegas, viñedos e cataron diferentes elaboracións de "Rías Baixas", ademais de participar nun almorzo que combinou gastronomía galega e viños da D.O.

VISITA PRENSA EE.UU.
22-27 Setembro

Unha delegación dos Estados Unidos, integrada por cinco xornalistas, un responsable do ICEX en Nova York e un representante da axencia de comunicación Cornerstone visitou a D.O. no marco da campaña de promoción en USA 2008. Visitaron viñedos e adegas e finalmente asistiron a unha mesa de traballo sobre as características específicas da D.O. Rías Baixas.

VISITA DA WINE ACADEMY OF SPAIN
24-25 Outubro

Tras o remate do programa de "Educadores do Viño" organizado pola Wine Academy, as 15 persoas que obtiveron as mellores puntuacións (no exame teórico e a posterior cata cega), é dicir, os novos "embaixadores do viño español", tiveron ocasión de realizar unha viaxe enolóxica por España, invitados polo ICEX.
A "embaixada" estivo na nosa Denominación durante dous días, visitando adegas e viñedos para coñecer máis a fondo a cultura dos Rías Baixas.

CAMPAÑA PUBLICITARIA DE NADAL
5-23 Decembro

A Campaña de Nadal en 2008 estivo a cargo da axencia Publicis Dialogs en televisión e medios gráficos, e desenvolveuse na liña dunha nova estratexia de Comunicación, co obxectivo de asociar conceptualmente a categoría de viño Albariño coa Denominación de Orixe Rías Baixas.
A idea de partida era presentar os nosos viños como a expresión da excelencia e autenticidade dunha terra: os viños Rías Baixas como símbolo dunha orixe e dunha cultura.

A campaña estivo destinada a un público obxectivo de entre 30 e 55 anos, poder adquisitivo medio e medio-alto, e centrada en dúas grandes áreas de interese: Madrid e Galicia.
En Madrid, o obxectivo foi conseguir unha asociación mental inmediata entre as verbas "Albariño" e "Calidade", mentres que en Galicia buscouse reforzar a imaxe de marca.
Na Comunidade madrileña emitíronse espots de 20" de Rías Baixas nas desconexións territoriais de TVE, así como inserciónns en prensa escrita (El País, El Mundo e Expansión) para conseguir altos niveis de notoriedade e afinidade no noso núcleo de interese e unha imaxe de calidade.
Polo que respecta a Galicia, emitíronse só espots de 20" nas desconexións territoriais da TVE, buscando a maior rendabilidade e reforzando a imaxe de marca.
Paralelamente, emitiuse unha campaña específica en Localia e Telesalnés con espots de 20" destinada ao público local.

O albariño identifica á Denominación de Orixe Rías Baixas nas imaxes da campaña de publicidade para 2008

Á esquerda: o estand de Rías Baixas na feira Alimentaria. Á dereita: un momento dunha cata vertical celebrada en Madrid.

Premios Bacchus
14 Marzo

Os Rías Baixas destacaron nos premios Bacchus 2008, concurso internacional organizado pola Unión Española de Catadores para o Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación, onde competiron con 1.683 viños que foron valorados por máis de 80 expertos de dezasete países.
Entre as marcas premiadas con 3 Bacchus de ouro e 27 de prata houbo un viño da colleita 2004, dous de 2005, once de 2006 e seis de 2007. Uns recoñecementos que amosan as posibilidades de garda dos viños Rías Baixas, como se ven demostrando nos últimos anos con actividades como a Cata das Colleitas.
Os premios Bacchus seguiron as normativas de concursos internacionais de calidade de viños marcados pola Oficina Internacional de la Viña y el Vino (OIV) que impón unhas clasificacións mínimas para cada categoría: 90 puntos sobre 100 para os Bacchus de Ouro e 85 para os de Prata.

47 viños Rías Baixas na guía de Robert Parker
3 Abril

A guía máis prestixiosa do mundo do viño, "The Wine Advocate" do crítico americano Robert Parker, considerado o maior prescritor de viños do mundo, incluíu na última edición corenta e sete viños Rías Baixas e, por primeira vez, un tinto da nosa Denominación.
Vinte e tres mencións foron para viños brancos sen crianza de 2005 a 2007, e outras tantas para elaboracións especiais con viños de 2001, 2003 ou 2005. As puntuacións variaban entre os 85 e os 93 puntos, moi altas para tratarse de viños brancos.
Robert Parker destacou en máis de unha ocasión "a boa acidez subxacente e unha rica sensación ao padal, cunha textura non moi diferente dun Condrieu de gran colleita". O crítico recomendou maridar estes viños con langosta, queixos aromáticos ou cociña asiática.

Curso sobre os defectos sensoriais dos viños
5 Maio

Os integrantes do panel de Cata do Consello Regulador da D.O. Rías Baixas participaron no segundo curso sobre "Defectos sensoriais dos viños", unha acción formativa para incidir na reciclaxe e formación continua dos enólogos e técnicos do panel oficial.
O curso constou dunha aproximación teórica e práctica para detectar defectos nos aromas dos viños, co fin de determinar a fronteira da calidade.
Foi impartido polo francés Christophe Gerland, especialista microbiólogo e enólogo, que asesora a adegas e denominacións de diferentes zonas, sobre todo en Francia.
Os 40 catadores oficiais do Consello Regulador realizaron probas específicas individuais para ver o umbral de percepción deses defectos por parte do catador. O departamento técnico do Consello destacou a importancia do curso para o labor do panel de cata da D.O.

Rías Baixas e Feuga buscan claves para as melloras produtivas
7 Maio

A Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) presentou na sé da Fundación Caixa Galicia en Santiago o proxecto "Espacio de Innovación Vitivinícola: cara unha Viticultura e Enoloxía de Calidade", unha experiencia realizada na D.O. Rías Baixas que tiña como obxectivo aproveitar mellor a capacidade da universidade e impulsar nas adegas proxectos e servizos de I+D+i.
Na iniciativa, desenvolta desde 2006, participaron investigadores das tres universidades galegas e contou co apoio financeiro da Dirección Xeral de I+D+i da Consellería de Innovación e Industria.
O proxecto empezou pola análise de necesidades sectoriais, seguida de visitas "empresa a empresa" para definir actuacións máis concretas.
A presentación realizada en Santiago estivo enfocada a achegar as adegas e colleiteiros as claves para mellorar a súa actividade produtiva, e nela participaron integrantes e socios dos Consellos Reguladores e Denominacións de Orixe vitivinícolas galegas así como investigadores vinculados ao sector.
O informe feito a partir dos traballos de campo realizados por técnicos de FEUGA en colaboración co Consello Regulador, permitiu detectar 64 oportunidades de investigación nas adegas.
Entre as grandes liñas de colaboración estiveron cuestións de viticultura como as melloras no coñecemento dos cultivos, a calidade do solo e o clima, as prácticas agronómicas, o estado sanitario da vide ou a produción ecolóxica. Pero insistiuse tamén nos aspectos de biotecnoloxía como a selección de lévedos, as temperaturas de fermentación ou a selección de bacterias.
O Espazo de Innovación Vitivinícola resultou tamén un escenario axeitado para o lanzamento de iniciativas e servizos tecnolóxicos, capaces de aportar beneficio a tódolos axentes implicados.

O CRDO pide unha norma específica para bebidas fermentadas
9 Maio

O Pleno do Consello Regulador acordou solicitar á Consellería de Sanidade a redacción dunha norma específica que regule as bebidas fermentadas, para que queden excluídas do marco normativo previsto no borrador do Anteproxecto de Lei Integral en materia de Drogodependencias e outros Trastornos Aditivos en Galicia.
Na mesma sesión, o Pleno mostrou tamén o seu acordo co decreto autonómico que regulará a actividade dos furanchos, sobre os que se vai exercer un maior esforzo de inspección e control.

A Colleita 2007, cualificada de excelente
18 Xuño

O pleno do Consello Regulador acordou outorgar a máxima cualificación á colleita 2007, tras comprobar os seus parámetros de calidade. A decisión

Esquerda: sesión de formación do panel de cata do Consello Regulador. Dereita: autoridades e invitados na Festa do Albariño de Cambados.

fíxose pública nunha convocatoria para a prensa especializada de Madrid, que se repetiu o día 30 de xuño en Valencia. O presidente do Consello Regulador José Ramón Meiriño declarou que foi unha decisión moi meditada e tomada en base a parámetros moi esixentes.
A cualificación foi outorgada tras a correspondente análise de mostras antes do embotellado, tendo presentes tamén as opinións de expertos nacionais e internacionais sobre aspectos de calidade nos viños, así como as valoracións recibidas polos Rías Baixas en diversos certames.
Tras un ano complicado, dificultado polos problemas meteorolóxicos, a colleita foi moderada pero de gran calidade (18.722.173 kilos e un rendemento medio de 5.355 Kg./ Ha).
En canto aos valores enolóxicos os técnicos destacaron a "excelente gradación e niveis de acidez moi equilibrados", xunto a un rendemento uva/ mosto dun 66% de media, máis baixo ca o de anos anteriores pero "con mostos moi aromáticos e un bo equilibrio grao-acidez".

O Pleno aprobou as contas do exercicio
30 Xuño

O Pleno do Consello Regulador decidiu dar o visto bo as contas do exercicio, tras o exame da auditoría de estado financeiro, nunha sesión onde se debateron tamén os informes de mercados e a Memoria de Actividades 2007.
Na mesma sesión aprobáronse as bases para a Cata Concurso Rías Baixas Albariño e presentáronse os informes técnicos de cualificación da Colleita 2007, así como as accións previstas de cara á súa presentación.

Cata da Asociación Gallaecia para a "Guía de Vinos"
14 Xullo

O Pazo de Mugartegui acolleu a Cata Prima da Asociación de Sumilleres Gallaecia, na que participaron vinte e oito catadores, organizados en tres paneis de cata diferentes para avaliar cento oito marcas de Albariño-Rías Baixas, a maioría da última colleita pero tamén seleccións de colleita, Rías Baixas Rosal e Condados.
As trinta e tres mellores puntuacións pasaron a unha Cata Final para elixir as mostras que figurarán na "Guía de Vinos, Aguardientes y Bodegas de Galicia 2007-2008", presentada como tódolos anos no mes de decembro.

XVI Feira do viño do Rosal
17 Xullo

O Consello Regulador da D.O. Rías Baixas colaborou co concello do Rosal na organización da XVI Feira do Viño que este ano reuniu a trece adegas da Denominación, no marco dun certame que serviu tamén para presentar un amplo abano de produtos típicos da zona.
A Feira foi inaugurada polo presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán, xunto ao delegado da Consellaría de Medio Rural, Gonzalo Constela, o presidente do Consello Regulador, José Ramón Meiriño, entre outras autoridades. Actuou de pregoeiro o xornalista da TVG, Anxo Vázquez, director do programa "Labranza" e "O Agro".
A subzona de O Rosal, no Baixo Miño, produce ademais do exquisito Albariño-Rías Baixas, uns viños propios, os Rías Baixas-Rosal, elaborados a base das castes Loureira, Treixadura e Caíño branco, ademais do Albariño.

Máis de 60 marcas na LVI edición da Festa do Albariño de Cambados
24 Xullo-5 Agosto

Corenta e tres adegas da Denominación inscribíronse para estar presentes nos corenta estands do Consello Regulador na LVI Festa do Albariño de Cambados. Por primeira vez participaron dous adegas de Condado do Tea e unha de Ribeira do Ulla.
O acto máis agardado foi como de costume a Cata-Concurso para seleccionar aos tres mellores Rías Baixas-Albariño a xuízo dos expertos. O xurado estivo integrado por 20 expertos, procedentes do propio panel de cata do Consello Regulador e expertos externos.
Os profesionais do panel da XX Cata Concurso Rías Baixas Albariño concederon a medalla de Ouro á marca "Señorío de Rubiós" da adega Coto Redondo, tras examinar as 64 marcas presentadas. A medalla de Prata recaeu no "Rías Baixas Albariño As Laxas" da adega do mesmo nome, e a medalla de Bronce foi para o "Veiga Naum" da adega María Victoria Dovalo Méndez.

Xornadas Técnicas da LVI Festa do Albariño
Dentro dos actividades previstas na LVI Festa do Albariño, a tarde do 31 de xullo tivo lugar unha xornada técnica no salón de actos do Centro Comarcal, iniciada cunha conferencia de Pedro Mansilla, director da Estación Fitopatolóxica do Areeiro, sobre "O Mildiu, da vide: pasado, presente e futuro".
Posteriormente tivo lugar un coloquio e logo unha charla sobre "Zonificación vitícola", dirixida por Vicente Solés, catedrático de Viticultura da Escuela de Ingenieros Técnicos de la Universidad Politécnica de Madrid.
Para clausurar a xornada intervíu o director comercial da consultora Nielsen España, Ignacio Larouba, que falou sobre a "Gran distribución: outro excelente escaparate para os viños Rías Baixas".

30 Rías Baixas compiten no Condado por ser "Deliciosos 2008"
29 Agosto

Doce expertos do panel de cata do Consello Regulador participan na IX edición da cata para elixir aos "Deliciosos 2008" que se celebrou no marco da XLIX Festa do Vño do Condado, en Salvaterra. Este ano participaron vinte e catro adegas da Denominación na festa celebrada no Castelo de Dona Urraca e na que os Rías Baixas foron os protagonistas entre os produtos típicos da zona.
Na cata para os "Deliciosos 2008" participaron 30 viños Rías Baixas-Condado, Rías Baixas Tinto, Rías Baixas-Albariño e elaboracións especiais.
Ademais dos doce expertos do Consello Regulador, participaron no panel

Á esquerda: traballos de vendima. Á dereita: o presidente do Consello Regulador, José Ramón Meiriño, recibe o Premio Excelencia do Casino de A Toxa.

como invitados José Beiro, especialista no mundo do viño e dono da vinoteca O Beiro, e Bruno Kammerer, diplomado da escola federal de viticultura de Wäldenswill e membro da Irmandade de Viños Galegos.

Comezo da vendima
22 Setembro

Cos primeiros traballos iniciados nas subzonas Condado do Tea e O Rosal, déronse por comezadas as labores de vendima. As normas elaboradas polo Departamento Técnico do Consello Regulador tiñan xa marcadas as medidas para o control de orixe da uva e da calidade dos mostos.
Neste ano traballaron 98 veedores, habilitados pola Consellería de Medio Rural. Contouse como é habitual cos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado e da Policía Autonómica para os tranportes de uva e mosto.

Rías Baixas no cumio Iberoamericano
2 Outubro

Seis viños Rías Baixas foron os elixidos para o cóctel de recepción dos Ministros de Cultura, no marco do "Primer Congreso de Cultura Iberoamericana" celebrado en México, acto ao que asistiron os Príncipes de Asturias, Dna. Leticia Ortiz e D. Felipe de Borbón.
Tamén estiveron presentes no acto o Ministro español de Cultura, César Antonio Molina, e o embaixador de España no país centroamericano así como numerosas figuras da cultura española como o actor Antonio Banderas, o director de cine Carlos Saura ou o escritor Juan Gelmar, recente premio Cervantes de literatura.

Os Rías Baixas premio Mellor Embaixador de Galicia
7 Outubro

O Consello Regulador recibiu o premio como "Mejor Embajador de Galicia" outorgado pola revista Actualidad Económica.
A distinción debeuse á contribución no impulso da imaxe de Galicia en España e no resto do Mundo. Optaban tamén ao galardón O Xacobeo e o deportista David Cal.
A revista instaurou estes premios na comunidade autónoma nas modalidades de mellor empresario, mellor traxectoria empresarial, mellor iniciativa empresarial, mellor proxecto urbanístico, empresa revelación, empresa máis innovadora e mellor embaixador.

Cata para os Rotarios
10 Outubro

Na sé do Consello Regulador no Pazo Mugartegui tivo lugar a cata anual que realizan anualmente os Rotarios de Pontevedra. A cata, na que se probaron seis viños Rías Baixas, estivo dirixida polo experto Guillermo Campos, que contou cun panel de cata integrado por catro membros da Asociación Galega de Sumilleres.

Rías Baixas achegouse aos 20 millóns de quilos na vendima 2008
23 Outubro

Tras dar por rematada a campaña da vendima 2008, o Consello Regulador cualificou a colleita de "óptima en canto á calidade". Recolléronse en total 19.889.577 quilos de uva, un 6,2 % máis que na campaña anterior.
A boa climatoloxía do mes de setembro propiciou a excelente evolución da maduración alcóholica da uva e o equilibrio da acidez. O estado sanitario da uva recollida foi excelente e o departamento técnico destacou "o bo estado fitosanitario do acio, así como a elevada carga aromática dos mostos". O mesmo departamento recomendou aos viticultores "facer un traballo selectivo, buscando a maduración óptima de cada parcela", de maneira que durante a vendima, a situación do viñedo fose a idónea tanto desde o punto de vista vexetativo como sanitario.
O xefe do departamento técnico, Agustín Lago, destacou a este respecto que "a profesionalización dos traballos de viñedo é fundamental, por iso adegas e viticultores están asesorados en todo momento por técnicos de campo, consultoras especializadas e o propio departamento técnico deste Consello Regulador".
Entre as castes recollidas destaca a Albariño que seguiu á cabeza da produción con 18.980.460 quilos (o 95 % do total), seguida pola Treixadura e a Loureira; en variedades tintas recolléronse 149.682 quilos de uva.
O rendemento medio foi estimado en torno aos 6.000 Kg/Ha. nun informe previo realizado por unha empresa de enxeñería contratada a tal efecto. As cifras equivalen a un incremento dun 10% respecto á vendima 2007, onde se recolleron 5.355 Kg. / Ha..
O rendemento por hectárea (11.000 quilos / Ha. para o Albariño), estipulado no regulamento da D.O., así como a porcentaxe de transformación de uva en mosto (0,67 %), é unha das claves para preservar a calidade dos viños.

Rías Baixas destina o 64 % do orzamento á promoción
18 Decembro

O Consello Regulador decidiu dedicar ao capítulo de Promoción un 64 % dos máis de 2 millóns de euros de orzamento para o 2009. O Control de Calidade supón o 23 % do gasto e o 13 % restante estivo destinado a gastos de funcionamento do propio Consello Regulador. O obxectivo en Promoción era consolidar os viños Rías Baixas no seu mercado natural galego, asentarse no mercado español e incrementar as súas vendas no ámbito internacional.
A estratexia de promoción do Consello Regulador contou co apoio da Xunta de Galicia, a traveso da Consellería de Medio Rural, do ICEX e o IGAPE. O orzamento (en torno a 1,6 millóns de euros) destinouse a actividades de promoción como feiras nacionais e internacionais, (incluíndo accións exclusivas para a prensa especializada: xantares-maridaxe, catas…), presentacións en distintos lugares de España para profesionais ou público en xeral, e diversas accións puntuais.
O financiamento do gasto en Rías Baixas procede das aportacións do sector, a traveso do canon do viño e o viñedo, así como das realizadas polas

Esquerda: os gañadores do certame Cata das Colleitas posan para a foto. Dereita: un acto de promoción dos viños Rías Baixas en Xapón.

adegas amparadas pola Denominación ao participar nas diversas actividades de promoción organizadas polo Consello Regulador, ademais de remanentes de Tesourería e axudas de diferentes Administracións (fondos previstos pola nova OCM do Viño para a promoción en terceiros países, aportacións da Xunta, do IGAPE ou o ICEX).
Na mesma reunión plenaria, o Consello aprobou conservar o vixente canon da viña e o viñedo, que se mantén desde 2001.

40 adegas na Cata das Colleitas
11 Decembro

No Pazo de Mugartegui tivo lugar a II Edición da Cata das Colleitas Rías Baixas, na que participaron 78 mostras pertencentes a 42 adegas adscritas á Denominación. O acto contou coa presenza do conselleiro de Medio Rural, Alfredo Suárez Canal, quen destacou o respaldo da súa Consellería ao esforzo de comunicación realizado polo Consello Regulador "para vincular uva albariño a Rías Baixas e a Galicia".
O presidente do CRDO, José Ramón Meiriño, agradeceu a colaboración da Consellería e da Deputación de Pontevedra así como ás adegas participantes nesta cata que destaca as posibilidades de garda dos Rías Baixas.
A cata estivo orientada a viños brancos de colleitas anteriores a 2007 e cada adega aportou ata tres mostras de anos diferentes. O panel incluíu a catadores oficiais do CRDO Rías Baixas, ademais de oito profesionais de recoñecido prestixio no mundo do viño. Acadaron a Colleita de Ouro sete mostras; dezanove mostras recibiron a Colleita de Prata e vinte e cinco a Colleita de Bronce.
Como novidade, as quince mellores adegas deste certame participaron nunha cata temática sobre a Denominación Rías Baixas baixo o título "Longevidad Juvenil", organizada polo ICEX e a Unión Española de Catadores durante o certame Gastronomía Madrid Fusión 09.

Premio Excelencia Casino de A Toxa
12 Decembro

O presidente do Consello Regulador da D.O. Rías Baixas, José Ramón Meiriño, recolleu o Premio Excelencia Casino de A Toxa, galardón que recoñecía o importante labor desenvolto por esta institución na divulgación turística, cultural e económica.
Asistiron ao acto o alcalde de O Grove, José Cacabelos, e a vicepresidenta da Deputación de Pontevedra, Teresa Pedrosa.
Estes galardóns teñen lugar desde 2004 e contan entre os premiados con clubes de fútbol, presidentes de caixas de aforros, e colectivos sociais.

Aumento de máis do 9 % nas exportacións
26 Decembro

A campaña 2007-2008 pechouse na D.O. Rías Baixas cun espectacular aumento das exportacións con respecto ao anterior. O total das exportacións na última campaña ascendeu a 3.312.127 litros, cun valor de mercado de 17.728.926 euros, datos que representan un incremento de volume do 9,1% sobre a campaña anterior. Estas cifras reflicten a traxectoria en ascenso dos últimos dez anos, onde as adegas do Rías Baixas incrementaron as súas exportacións nun 434 % en volume e máis dun 500% en valor.
En total son 77 adegas desta denominación (dez máis ca pasada campaña) as que exportan viño a 65 países. As exportacións representan o 20% do viño comercializado polas adegas da nosa D.O.
Como indicou o presidente do Consello Regulador, José Ramón Meiriño, "son resultados moi satisfactorios que mostran a tendencia positiva dos mercados internacionais nesta D.O. que nos últimos dez anos segue multiplicando o volume das súas exportacións". Tamén destacou o presidente que estes datos "poñen de manifesto a evolución dun sector dinámico, cohesionado e cada vez máis profesionalizado, apoiado polas propostas de promoción postas en marcha desde o Consello Regulador".
Por destinos, destacou en primeiro lugar EE.UU., o principal cliente dos Rías Baixas, con 1.841.780 litros vendidos (cun valor de 8,7 millóns de euros), cifra que corresponde ao 55,6 % do total das exportacións de Rías Baixas.
Despois aparecen o Reino Unido, con 347.182 litros, e Alemaña, con 212.455 (un crecemento do 14 % coa campaña anterior). Estes dous países concentran o 66 % das vendas de Rías Baixas na UE.
Suiza (con 96.548 litros) e Noruega (con 56.487 litros) foron outros destinos importantes de cara a exportación. Tamén medraron as cifras en Suecia, Irlanda e Italia.
En xeral, o mercado americano concentrou o 66 % das exportacións, fronte ao 25 % da UE.
Un dos datos máis relevantes foi o aumento nos mercados potenciais asiáticos, cun crecemento do 21,68% para os Rías Baixas nesta campaña. En Xapón o incremento foi de 35,28% no último ano, colocándose no duodécimo posto nas exportacións de Rías Baixas. Aínda que os 49.274 litros exportados a países asiáticos non foron cifras espectaculares, en opinión do xerente do Consello Regulador, Ramón Huidobro, "si marcan unha tendencia moi positiva para os nosos viños, que comprobamos ano tras ano".

Recoñecementos internacionais e nacionais

Durante o ano 2008 as adegas da Denominación Rías Baixas recibiron numerosas distincións a nivel nacional e internacional.
Os mercados exteriores premiaron a esta D.O. con cento cinco galardóns, mentres que as principais guías do noso país recoñeceron a calidade das marcas de Rías Baixas con máis de 347 recomendacións. Tamén foron numerosos, máis de 35, os premios que recaeron nesta D.O. no mercado nacional.
No ámbito internacional destacaron distincións como as acadadas no Decanter World Wine Awards 2008, galardóns concedidos pola prestixiosa revista do mesmo nome, que premiou a un total de 26 viños Rías Baixas (12 máis ca o ano anterior) que recibiron 2 ouros, 4 pratas, 12 bronces e 8 recomendacións.

Á esquerda: expertos de Suecia catan os viños Rías Baixas. Á dereita: un momento dos actos de promoción dos Rías Baixas en Nova York.

Tamén recibiron 7 medallas de prata, 7 de bronce e 14 recomendacións os viños participantes na International Wine Challenge, prestixioso concurso cunha marcada reputación pola calidade e a experiencia do seu xurado, composto por enólogos, distribuidores e xornalistas de todo o mundo.
No International Wine Masters Challenge de Estoril, os Rías Baixas recibiron 3 bronces.
Polo que respecta a Francia, no Challenge International du Vin o maior concurso de cantos se celebran no país veciño, onde compiten cada ano uns 5.000 viños duns 40 países, que son examinados por arredor de 1.000 expertos, as adegas Rías Baixas conseguiron 9 ouros, 10 pratas e 6 bronces.
Tamén en Francia, 4 viños Rías Baixas conseguiron 4 pratas na Vinalies Internationales, concurso organizado pola Unión de Enólogos de Francia, que reúne cada ano a 100 catadores de todo o mundo para valorar unhas 3.000 mostras de viño.
Por último, os nosos viños destacaron tamén no concurso internacional Les Citadelles du Vin (Cidades do Viño), patrocinado pola OIV (Organización Internacional de la Viña y el Vino), que xulga cada ano a cegas 1.500 viños de todo o mundo e onde os Rías Baixas conseguiron 4 Trophée Prestige.
A mesma organización premiou con 2 ouros e 6 pratas aos Rías Baixas participantes no Monde Selection International Wine Contest en Bruxelas.
No mercado asiático, as adegas da nosa denominación conseguiron 3 bronces e 3 pratas no Japan Wine Challenge e un bronce no Korean Wine Challenge.
No ámbito nacional, destacan os 3 ouros e 27 pratas recibidos polos Rías Baixas no certame Bacchus que organiza a Unión Española de Catadores (UEC) e o Ministerio de Agricultura.
Na XXII edición da Cata Bacos, os Rías Baixas conseguiron o Gran Baco de Ouro que o distinguía como o mellor viño novo de toda España na colleita 2007 (incluídos brancos e tintos).
Ademais unha adega desta D.O. foi galardoada co Premio Esmeralda dos premios Vino y Mujer.
En Galicia, os viños da denominación conseguiron 11 distincións Gallaecia, os Acios de Ouro, Prata e Bronce da XXII Cata de Viños Xunta de Galicia, así como tres premios da XXII Cata Concurso Rías Baixas.
Por último en decembro tivo lugar a II Edición da Cata das Colleitas Rías Baixas, que concedeu 7 Colleitas de Ouro, 19 de Prata e 25 de Bronce a adegas desta D.O.
Con respecto a revistas e guías especializadas, 46 Rías Baixas mereceron puntuacións superiores aos 85 puntos (sobre 100) na guía Advocate Wines realizada polo experto e "gurú" estadounidense Robert Parker.
Ademais, un viño da nosa denominación situouse na lista dos "8 Deliciosos do Ano" que elabora o Wall Street Journal.
Tamén a revista Wine Cellar, do prestixioso crítico Stephen Tanzer, distinguiu a 22 viños desta Denominación, puntuándoos por riba dos 88 puntos. No noso país, 106 viños Rías Baixas figuraban en "La Guía de Oro de los Vinos Españoles" onde foron recoñecidos con 3 ouros, 43 Pratas e 33 Bronces.
La "Guía Proensa de los Mejores Vinos de España" recollía 30 viños desta D.O. con puntuacións entre os 89 e os 100 puntos.
Finalmente, a "Guía Peñín" incluía 53 viños Rías Baixas que superaban os 89 puntos na cualificación; e "Lo Mejor de la Gastronomía", de Rafael García Santos, incluiu numerosos viños da Denominación entre os que figuran 12 con puntuacións entre 8 e 8,5 puntos.

INFORME NIELSEN

Os Rías Baixas medran o 21,6 % no mercado madrileño
14 Outubro

O informe encargado á consultora Nielsen polo CRDO Rías Baixas concluiu que os nosos viños brancos medraron nun 21,6 % na cota de mercado madrileño e un 12,2 % en valor.
O estudio tiña como obxectivo analizar a situación actual e as posibilidades de desenvolvemento dos Rías Baixas na capital de España, un área na que se consume un 10,3 % de viño branco, e que incrementou o seu consumo un 15,2 % nos doce meses anteriores.
O presidente do Consello Regulador, José Ramón Meiriño, declarou que "a situación resulta moi esperanzadora para os Rías Baixas, xa que están chegando cada vez a máis fogares a traveso das grandes superficies de alimentación e dispoñen dun longo recorrido na restauración, onde son coñecidos e moi ben valorados polos prescriptores, que o consideran único e singular".
Con respecto a "gran distribución" (hipermercados e supermercados), que canalizan o 11,8 % das vendas no sector da alimentación, os Rías Baixas teñen unha cota en volume dun 11,1 %, cun crecemento do 21,6 %, moi superior a do resto do mercado, e tendo en conta que o prezo medio dos Rías Baixas é superior á media dos viños brancos, polo que o incremento en valor é dun 21,3 %.
O mesmo informe Nielsen sinalaba tamén que os Rías Baixas están presentes hoxe nun 86 % dos puntos de venda (fronte ao 49 % de hai tres anos) pero que o espazo ocupado nos "lineales" de hipermercados e supermercados podía ser mellorado aínda, para competir sobre todo cos viños de Rueda que lideran o sector dos viños brancos en Madrid.
O incremento na distribución está moi relacionado co elevado grao de coñecemento da marca que manifestan os prescritores. Os 360 entrevistados coñecían unha media de 13,5 denominacións e os Rías Baixas ocupaban a sétima posición entre as citadas.
Segundo José Ramón Meiriño, "o camiño está iniciado, os prescritores coñecen os nosos viños, as nosas marcas están cada vez en máis establecementos, debemos aproveitar esta situación favorable".
Por outra banda, o 67 % dos consumidores entrevistados consideraron que os Rías Baixas non se parecen a ningún viño, un valor diferenciador que xustifica por si mesmo a entrada na carta dos restaurantes.
Os consumidores de Rías Baixas son persoas menores de 50 anos (o 75 %) e mesmo de 35 (o 22 %). O 53 % son homes e as mulleres representan o 47 %.
Estes datos significan que hai un público con moito futuro para os nosos viños, sobre todo porque os prescritores identifican aos consumidores de Rías Baixas cun público con experiencia no mundo do viño e que manifestan unha gran fidelidade á marca (un 33 %).

Consello Regulador da Denominación de Orixe

Rías Baixas

Pazo de Mugartegui
Praza da Pedreira 10 - 36002 (Pontevedra)
Tf: 986 854 850 / Fax: 986 864 546
www.doriasbaixas.com / consejo@doriasbaixas.com

Edita: Imaxe Nova de Comunicación. r/ Uruguai, 2 - 3º dta. 36201 VIGO

FEADER:
Europa inviste no rural

MINISTERIO
DE MEDIO AMBIENTE
Y MEDIO RURAL Y MARINO

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL